



UNIVERSIDADE
DEVIGO

NORMATIVA DE PERMISOS E LICENZAS DO PDI

(Aprobada pola COAP do 20/09/2005)

1. Ademais dos permisos e licenzas as que teña dereito o profesorado, de acordo coa lexislación vixente, o persoal docente e investigador poderá solicitar licenzas de estudos para realizar actividades docentes e investigadoras nunha Universidade, Institución ou Centro nacional ou estranxeiro. A duración máxima das licencias será de un ano.

2. As licencias de estudo de duración igual ou menor de *15 días naturais*, serán concedidas polo Director do Departamento por delegación do Reitor, debendo especificarse na concesión a persoa suplente nas obrigas docentes ou a maneira na que será recuperada a docencia e dando conta ao Decano ou Director do Centro correspondente.

3. As licenzas de estudo *superiores a quince días naturais e de duración igual ou inferior a tres meses* serán concedidas polo Reitor. O profesor autorizado terá dereito a percibir a totalidade das súas retribucións.

Con antelación mínima de **sete días naturais** sobre o inicio previsto da estadía, o interesado presentará a solicitude de licenza, acompañada dun documento no que se acredite a aceptación do solicitante, por parte da Institución na que se vaian realizar as actividades, así como do informe favorable do Consello de Departamento, no que conste a suplencia do profesor durante a súa ausencia.

4. As licenzas de duración *superior a tres meses* serán concedidas pola **COAP**. No tempo que exceda dos tres meses, o profesor autorizado terá dereito a percibir o 80% das súas retribucións. A solicitude farase do mesmo xeito que no punto anterior, cunha antelación mínima de **30 días naturais**.

5. En casos excepcionais, as licenzas de un ano de duración poderán prorrogarse por outro máis como máximo, de acordo co procedemento establecido nos puntos anteriores. No tempo que exceda do ano, o profesor non percibirá retribución.